



X&Q


XUÑO
2009

IES PONTECESO

Biblioteca

NÚMERO ESPECIAL

Clubs de Lectura



Os nosos libros:

Palabras de Caramelo

La ladrona de libros

El niño del pijama de rayas

Las Gallinas locas

Verónica decide morir.

O Señor Ibrahim e as flores do Corán

¿Recordades o primeiro encontro?

Pois desde aquel momento, folia tras folia, libro tras libro, chegamos hasta aquí.

Facemos balance e concluímos que aínda que ás veces con pouco tempo e ás carreiras, fixemos un montón de cousas e pasámolo ben.

Por iso decidimos publicar un resumo de actividades e opinións sobre elas.

Lembrede que o ano que vén comezamos unha nova aventura dos club de lectura e estades todos invitados a disfrutar con nós.

Ler e divertido



ACTIVIDADES DOS CLUBS NA BIBLIOTECA



Antonio Reigosa



Santiago Jaureguizar



Algunhas nas nosas actividades

Unha mirada ao pobo saharai. Despois de ler

PALABRAS DE CAMELO

asistimos a exposición de **fotografías** na que se observaba a vida nos campos de refuxiados, explicada pola autora das fotografías.

Actividades de achegamento ao contexto xeográfico e cultural con actividades en **Jclíc**

Taller de monicreques na Semana Cultural.

Obradoiro de lectura dramatizada coa asociación

BIBLIOTECA AMBULANTE DE GAROLA



PREMIOS LITERARIOS 08/09



San Valentín: **Laura Casal**

20 textos na procura de autor: **Sandra Mato**

II Premio de poesía Eduardo Pondal

ESO **Laura Castro**

BAC **Jorge Pérez**


II Certame de literatura IES Ponteceso

Relato Curto **Laura Souto** **ESO**

Microrelato **Andrea Martínez** **BAC**

Poesía **Andrés Vieira** **BAC**

Noraboa a todos!



Club de lectura 3º ESO

Aquí estamos no patio do IES lendo e aproveitando o sol da primavera.



A peli gañadora dos Oscars deste ano *Slumdog millonaire*

“ A saída que fixemos co club de lectura á Coruña foi moi divertida. A peli era moi entretida e tiña algunha escena na que non podías deixar de rir. O mellor, os momentos previos á peli. Tamén o pasamos moi ben no autobús, ninguén morreu de aburrimiento porque pasamos


todo o camiño cantando polo micrófono. Entre todos os que deron es bo recital estivo Carmen, a nosa conserxe, cando canto *Eva María foise buscando o sol na praia*. Foi tan gracioso!. Chegamos á Ponte cansos da tarde de cine que acabábase de disfrutar”.

Myrella Ventura 3ºA



As confidencias de Sara e Melisa sobre o noso club

Melisa: “O libro *O neno co pixama de raias* foi unha experiencia moi boa para ler porque che fai pensar no trato inxusto que recibiron os xudeos. Tamén fala da importancia da amizade, independentemente de relixión, sexo,...”




Sara: “o libro *Verónica decide morir* foi unha decisión moi arriscada. Non todas entenderon un libro tan diferente pero quizais por eso me gustou porque era diferente a todo o que lera antes”.

Impresionante estreno mundial no IES Ponteceso da película *El niño con el pijama de rayas*



Que pena que non tiñamos as palomitas!



Club de lectura de bacharelato

A toma de decisión entre profesorado e alumnos termina case sempre nunha rifa. No club de lectura demostramos este ano que é posible, incluso sinxelo, chegar a acordos cando se comparte unha lectura atrañte.

En concreto os acordos facíanse entre os oito alumnos, sete profesores e Carmen e increíblemente non houbo ningún trasacordo. As tres lecturas elixidas fórono por unanimidade e as actividades que realizamos sobre elas xurdían de forma espontánea, daba igual se a iniciativa partía dun profesor ou dun alumno, incluso se era de Carmen.

Esperamos repetir todos o próximo curso e que moitas máis persoas se animen a acompañarnos, incluso ata non caber na biblioteca.

Viaxes exóticas sen saír do instituto, a través das lecturas do club

Guía visual do libro *La ladrona de libros*. Cada un dos membros do club elixiu unha imaxe significativa da historia que se desenvolve no libro e realizou unha fotografía representando dita escena. As fotografías uníronse aos fragmentos do libro no que se describen e colgáronse na páxina web, primeiro a medida que ían elaborándose e despois todas xuntas nunha presentación.

La ladrona de libros. Contexto histórico. Breve descripción do contexto no que se desenvolve a nosa lectura realizado na páxina web e con múltiples enlaces.

Conferencia a cargo de M^a Xosé Queizán: Reflexións sobre a Guerra e a Paz.

A viaxe do señor Ibrahim. Ruta realizada no corredor principal do instituto, no que se recrea a viaxe do señor Ibrahim entre París e o seu pobo natal en Turquía. Realizamos dez paradas documentando cada unha delas cunha imaxe do lugar e un código de papeleiras como se describe nun momento do libro.

Aproveitando a ruta feita no corredor deseñamos un xogo similar ao da oca para animar ao máximo posible de alumnos a percorrer a nosa ruta.

A viaxe do señor Ibrahim. Presentación na páxina web.

A importancia do sorriso. Esta segunda lectura fíxonos redescubrir a importancia do sorriso e quixemos facer participes ao resto dos compañeiros cun mosaico formado por fotografías de sorrisos que realizamos cada un dos membros do club. Ademais fixemos que os sorrisos apareceran asociados a frases referidas á súa importancia diversos lugares do centro: cafetería, aulas, corredores, servizos,...

A quen poida interesar: estas foron as nosas lecturas deste ano

La ladrona de libros

Esta foi a nosa primeira lectura do curso. Cóntanos unha historia ambientada na Alemaña da segunda guerra mundial, na que unha rapaza vive unha serie de experiencias persoais nas que os libros, e concretamente o roubo destes, van ter un papel importante.

Poucas foron as críticas que recibiu esta lectura por parte dos membros do club, non só nos gustou, senón que ademais foi capaz de inspirarnos para realizar unha guía visual do libro. Escenificamos algúns dos roubos, escenas familiares e incluso á mesma danza da morte. Se queredes poderdes ver todas esas fotos na páxina do club de lectura de bacharelato.

O señor Ibrahim e as flores do Corán

¿Pode xurdir unha relación de amizade entre un tendeiro e un ladrón? ¿como son os carnés de conducir en Turquía? ¿e o mesmo árabe e musulmán? Todas estas cuestións, e algunhas outras, son contestadas nesta fantástica lectura.

Igual a maioría non coñecedes o libro pero seguro que todos vichedes a viaxe coa que decoramos o corredor do instituto, incluso igual xogáchedes á oca das cidades. Tamén somos os responsables de encher o instituto de sorrisos, polo menos do valor destes.

Narrativa para los que leen prosa

¿Liches poesía algunha vez? A maioría de nós tampouco pero este ano decidimos que era o momento de empezar. Neste libro temos recomendacións do propio autor e tamén outras moitas de diferentes personaxes coñecidos.

Tendes o libro á vosa disposición por se queredes compartir con nós esta lectura. Só pedimos que volvedes a deixar o libro onde está cando terminedes e que nos recomendedes unha lectura no folio que acompaña ao libro.